

Bs. As. 27-7-1959.

Sr. Luís Tobío.
Montevideo.

Querido Luís:

Recibín a túa carta tan amical do día 22, e agrádézooche moito as túas verbas tan garimosas.

Onte domingo, ainda que con algunha dificultade, escoitei a nosa audición adicada ao Día de Galicia; penso que as túas verbas encol do meu derradeiro fillo lírico sairán ao ár o domingo 2 de Agosto e apréstome a escoitalas con emoción e devoción.- Gracias, moitas gracias dende agora.-

O meu fillo está vivindo en Montevideo, pero non traballa na oficiña ahí, pois a laboura nosa non necesita mais empregados. Está faguendo algúns traballos secundarios, na agarda de entrar no Banco de Galicia, onde o amigo Canabal prometeu ubicalo na primeira oportunidade que se presente.-

Xa voltarei a enviártelle as miñas verbas cando escoite as túas.-

Estos días témos a presencia física e espritoal de Don Ramón que é como térra a Terra con nós.

Lembranzas manselias a María del Carmen e aos fillos de Maruxa e de todos nós.- Para tí a aperta forte de sempre de,

Pita